

ACUMULACIÓN, VACACIONS E REDUCCIÓN DE XORNADA

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, prestando servizos actualmente para a empresa _____ coa categoría/posto de _____ no seu centro de traballo sito en _____

MANIFESTO:

PRIMEIRO: Que, de conformidade co establecido no artigo 37.6 do E.T., quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algunha ou algún menor de 12 anos, terá dereito a unha **redución da xornada de traballo** de, entre polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.

SEGUNDO: Que de conformidade co establecido no artigo 37.4 do E.T., **as traballadoras e traballadores, por lactación dun fillo ou filla menor de 9 meses, terán dereito** a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións, ou **acumulala en xornadas completas**.

TERCEIRO: Que tendo en conta o recollido no artigo 37.7 do E.T., **a concreción horaria e a determinación do período de goce do permiso de lactación e da redución de xornada, corresponderá á persoa traballadora**, dentro da súa xornada ordinaria.

CUARTO: Tomando como referencia o recollido no artigo 38.3 do ET, segundo o cal cando o período de **vacacións** fixado no calendario de vacacións da empresa coincide no tempo cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, o parto ou a lactación natural ou co período de tempo de suspensión do contrato de traballo por nacemento e coidado de menor, **terase dereito a gozar das vacacións en data distinta á da incapacidade temporal** ou á do goce do permiso que polo dito precepto lle correspondese, ao finalizar o período de suspensión, aínda que termine o ano natural a que correspondan.

SOLICITO:

Que se proceda a acumular á suspensión do contrato por nacemento/acollemento/adopción o permiso polo coidado do lactante, correspondente a _____ xornadas de traballo, entrando en vigor esta licenza o día ____ de ____ de 20____ ata o día ____ de ____ de 20____.

Gozar das vacacións correspondentes ao exercicio 20____ a continuación do goce do permiso polo coidado do lactante, desde o ____ de ____ ata o ____ de outubro, incorporándome ao meu posto de traballo o vindeiro día ____ de ____ de 20____.

Desde o día ____ de ____ de 20____, reducir a miña xornada de traballo _____ horas, resultando, por tanto, o seguinte horario: de 9:30 a 13:30 horas.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de quince días, entenderase estimada a petición.

_____, a _____ de _____ de 20_____

Asinado,

A persoa traballadora

Recibín,

A empresa